

CMUS Profesional de Viveiro



CONCELLO DE VIVEIRO

Conservatorio Profesional
de Música de Viveiro



PROGRAMACIÓN

HISTORIA DA MÚSICA

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN.....	4
1. METODOLOXÍA.....	5
2. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	7
3. TEMAS TRANSVERSAIS	8
3.1. EDUCACIÓN EN VALORES.....	8
3.2. TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC'S).....	9
4. ACTIVIDADES CULTURAI E DE PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS	10
5. SECUENCIACIÓN DO CURSO.....	11
5.1. ► CURSO: 4º GRADO PROFESIONAL.....	11
5.1.1. <i>OBXECTIVOS</i>	11
5.1.2. <i>CONTIDOS</i>	11
5.1.3. <i>AVALIACIÓN</i>	15
5.1.4. <i>MEDIDAS DE RECUPERACIÓN</i>	17
5.1.5. <i>RECURSOS DIDÁCTICOS</i>	18
5.2. ► CURSO: 5º DE GRAO PROFESIONAL	19
5.2.1. <i>OBXECTIVOS</i>	19
5.2.2. <i>CONTIDOS</i>	19
5.2.3. <i>AVALIACIÓN</i>	24
5.2.4. <i>MEDIDAS DE RECUPERACIÓN</i>	27
5.2.5. <i>RECURSOS DIDÁCTICOS</i>	27
6. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.....	31
7. PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO	32
8. ANEXOS	33
8.1. CRITERIOS PARA A OBTENCIÓN DOS PREMIOS FIN DE GRAO.....	33
8.2. PRBAS DE ACCESO.....	35

8.2.1. <i>Proba de Acceso a 5º curso de Grao Profesional</i>	35
8.2.2. <i>Proba de Acceso a 6º curso de Grao Profesional</i>	36

INTRODUCCIÓN

As ensinanzas artísticas reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, teñen por finalidade proporcionar ao alumnado unha formación artística de calidade, así como garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, no seu artigo 6.2 atribúe ao Goberno fixar as ensinanzas mínimas, que constitúen os aspectos básicos do currículo, co fin de garantir unha formación común do alumnado e a validez dos títulos correspondentes. Así mesmo, o artigo 6.4 determina que as administracións educativas competentes establecerán o currículo das distintas ensinanzas reguladas pola mesma, que deberá incluír os aspectos básicos relativos aos obxectivos, contidos e criterios de avaliación que constitúen as ensinanzas mínimas.

O Real Decreto 1577/2006, do 22 de decembro, fixa os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas pola LOE.

O Decreto 198/2007, do 27 de setembro, establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, e o seu currículo para o ámbito de competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Neste decreto establécese que a finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

O Decreto 203/2007, do 27 de setembro, establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música na Comunidade Autónoma de Galicia. Neste decreto establécese que a finalidade das ensinanzas profesionais de música é a de proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, e ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

A presente programación da concreción aos anteriores decretos a nivel de centro, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste departamento.

1. METODOLOXÍA

A metodoloxía a aplicar para poder chegar aos obxectivos prefixados, estará basicamente centrada na práctica e na experimentación que levará a cabo o propio alumnado; como protagonista da súa aprendizaxe, sendo o persoal docente só un guía ou orientador; é individualizada, xa que se adaptará a cada alumno ou alumna no seu ritmo de aprendizaxe cunha actitude aberta e positiva por parte do profesorado, que deberá ter a capacidade de variar lixeiramente as propostas ante situacións creadas espontaneamente polo alumnado, contando coa diversidade existente en cada grupo.

Debemos ter igualmente presente que as dificultades deben estar dosificadas axeitadamente para manter a ilusión e o ánimo de aprender do alumnado, polo que a metodoloxía tamén será progresiva. En tódolos casos contarase cos coñecementos previos do alumnado e, a partir das relacións que se poidan establecer con eses coñecementos, desenvolverase a clase.

Intentarase tamén que sexan os propios alumnos e alumnas, coa axuda do profesorado, os que constrúan os seus novos esquemas de coñecemento. Nun primeiro momento e mediante cuestións previas, o profesorado intentará coñecer en que grao os alumnos están próximos ao período musical que se vai tratar. Deste xeito poderá saber se algún dos alumnos ou alumnas, escoitou algunha vez música dese período, se escoitou falar de certo procedemento técnico, ou mesmo se pode relacionar ese período con algún feito histórico, artístico ou social. En ocasións é curioso constatar como o alumnado ten coñecementos teóricos que son incapaces de asociar con ningunha realidade práctica.

A realización de audicións permitiralle ter ese referente práctico dos seus coñecementos teóricos, e ofreceralles tamén mediante unha análise auditiva, a posibilidade de descubrir certas características técnicas, estéticas e formais que individualizan as músicas dos diferentes períodos. Para iso o, partírase da escoita activa de obras ou fragmentos en que esas características sexan o máis evidentes posible.

Sendo a maioría dos estudantes dun conservatorio futuros intérpretes, a lectura e traballo sobre obras de cada unidade didáctica permitiralles non só un afondamento no coñecemento de ditas obras, se non tamén a posibilidade de entrar en contacto cunha música que en xeral está fora das programacións do resto de materias do conservatorio, polo que se considera especialmente importante este aspecto práctico dentro da metodoloxía a seguir.

Como se subliña nos obxectivos e nos contidos, será conveniente tamén establecer unha conexión entre a música e o resto das artes, máis aínda tendo en conta que no plan de estudos non existe unha materia específica de Historia da Arte, como existía con anterioridade. A ensinanza da Historia da Música terá un marcado carácter práctico, evitando no posible que os contidos básicos deban ser recollidos na clase, motivo polo que se facilitarán por escrito.

Os elementos conceptuais imprescindibles para a adquisición dunha sólida base teórica derivaranse fundamentalmente do estudo de partituras, imaxes de instrumentos, imaxes referentes a outros contextos musicais, e outros documentos e fontes de cada período, así como do comentario de audicións e textos musicais e a súa relación ca análise estilística de partituras. O traballo relacionado coas tecnoloxías da información e da comunicación realizarase a través da procura de información en Internet, dado que permite aproximarse aos temas tratados mediante a procura de datos sobre determinados instrumentos, agrupacións,

culturas, feitos históricos, compositores, estilos, (...) empregando arquivos MIDI e mp3, fotografías, visitas a páxinas web, etc. De igual xeito, poderase empregar prensa, revistas especializadas e determinados programas de televisión, para completar e ampliar a información recibida en clase.

O profesorado recomendará a lectura de obras relacionadas cos contidos estudados, ben sexan ensaios ou narrativas, considerando as revistas e publicacións en xeral de musicoloxía presentes en bibliotecas ou na propia aula. De igual forma, poderán empregar os xornais, revistas especializadas e determinados programas de radio e televisión, para completar e ampliar a información recibida na clase.

En todo caso é moi positivo manter un contacto co profesorado doutras materias, entre as que hai que destacar especialmente a de Análise, para complementar os contidos históricos cos correspondentes ao estudo das raíces de cada estilo musical, tanto de modo técnico como estilístico e estético. Convén trazar a este respecto liñas de conexión dentro dos límites de tempo introducindo comentarios de textos históricos que definan a liña de pensamento dunha determinada época, que son as que realmente marcan o estilo e a preponderancia de determinados xéneros. Igualmente trataranse de establecer paralelismos básicos entre a música e outras manifestacións artísticas e culturais.

Finalmente, a docencia deberá asumir un papel dinamizador e motivador, deseñando estratexias inductivas do pensamento e a acción, así como de xestión ante os resultados obtidos polo alumnado.

2. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para o alumnado con necesidades específicas, esta Programación contempla un tratamento xeral de apoio educativo, ben porque se trate de alumnado con incorporación tardía ao sistema educativo, alumnado con altas capacidades intelectuais, ou alumnado que presenta necesidades educativas especiais. As necesidades deste tipo de alumnado trataranse de forma diferenciada e individualizada, dentro das lóxicas limitacións da materia:

- Adaptando no posible os exercicios a realizar, máxime tendo en conta a importancia dos conceptos.
- Deseñando actividades de reforzo (en caso de non alcanzar os mínimos previstos) ou de ampliación (se se logran facilmente os obxectivos propostos).
- Expoñendo actividades substitutivas ou alternativas das propostas.
- Rebaixando os obxectivos a conseguir e, xa que logo, os correspondentes contidos e os criterios de avaliación.

Manterase un clima afectivo adecuado na aula, favorecendo a integración do alumnado.

3. TEMAS TRANSVERSAIS

3.1. EDUCACIÓN EN VALORES

O desenvolvemento integral do alumnado non debe estar limitado á adquisición de conceptos e coñecementos académicos vinculados exclusivamente a cada unha das súas áreas, senón que debe formar aos alumnos para integrarse na sociedade actual, sabendo responder de maneira adecuada aos problemas que esta sociedade implica.

Esta formación, que non está definida en ningunha das áreas, debe estar presente na aula de forma permanente, e maniféstase a través do que coñecemos como temas transversais.

A forma na que entendemos o tratamento destes temas transversais fica reflectida nos obxectivos seguintes:

- Educación para a paz.
 - Adestrarse para a solución dialogada de conflitos no ámbito escolar.
- Educación moral e cívica.
 - Participar en tarefas comúns, mostrando actitudes de colaboración e respecto polas opinións e propostas alleas.
 - O respecto pola autonomía dos demais.
- Educación para a igualdade entre os sexos.
 - Desenvolver a autoestima e unha concepción do corpo como expresión da personalidade.
 - Analizar criticamente a realidade e corrixir prexuizos sexistas e as súas manifestacións na linguaxe, publicidade, xogos, profesións, etc.
- Educación para a saúde, (postural, auditiva).
 - Proporcionar un contexto adecuado para realizar unha valoración crítica de determinados hábitos relacionados coa saúde.
- Educación para o consumidor.
 - Crear unha conciencia de consumidor responsábel que se sitúa criticamente ante o consumismo e a publicidade.

Desde a música, moitos destes temas poden tratarse propoñendo actividades que se desenvolvan en grupo, xa que estas favorecen a comunicación dos alumnos e fomentan actitudes de convivencia.

Ademais, na música pódense tratar contidos relacionados directamente coa saúde (o uso adecuado do corpo á hora de tocar o instrumento precisa dun coñecemento e coidado do mesmo, especialmente ante problemas habituais na adolescencia. Tratar temas que relacionados directamente coa paz (o coñecemento da música de outras culturas aumenta o respecto cara estas, comprendendo que o mundo non é só a música e culturas occidentais, nin as súas visións). Tratar temas relacionados coa educación para o consumidor, onde se pode analizar o mercado musical, os prezos dos cd's, o pirateo, a vulneración dos dereitos de propiedade intelectual. Tratar o uso da música nas publicidades, nos grandes almacéns, así como o efecto que pode producir no consumidor, cara quen vai dirixido.

3.2. TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC'S)

As TIC adquiriron un importante papel dentro da educación nos últimos anos. Estas posibilidades, convidan a utilizar os recursos como ferramentas complementarias dentro do desenvolvemento da materia.

Por todo isto serán de uso imprescindible os diferentes medios:

- Medios Audiovisuais: **Diapositivas, CD,s, discografía en xeral**
- Medios en internet: **todos os disponibles, webs, youtube, blogs...**
- Páxina Virtual da Aula de Historia da Música **de creación propia, ondea topamos as programacións, temas e audicións do temario.**
- Programas informáticos: **Encore, Finale**
- Medios para a comunicación: **correo electrónico, whatsapp...**
- Portal do centro para comunicación á comunidade escolar e ao alumnado da materia das actividades programadas, audicións, eventos, etc.

4. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSEÑANZAS

Unha actividade pedagóxica moderna non pode quedar reducida ao ámbito da aula, aínda sendo este o espazo central do proceso educativo. Este traballo pode verse complementado por outras tarefas realizadas noutros espazos do propio centro ou doutras entidades colaboradoras.

Para que estas actividades teñan o máximo proveito, deben relacionarse co proceso xeral de aprendizaxe en resposta a unha adecuada planificación.

Clasificación das actividades:

- Organizadas polos departamentos:
 - Dado o elevado número de concertos e actividades musicais que os docentes e departamentos didácticos do centro programan ao longo do curso, contéplase a posibilidade de asistir ás propostas de maior interese para o alumnado, dada a súa idade e curso de grao profesional no que se atopen. Estas actividades de asistencia a concertos dentro do propio centro potencian moitos dos contidos intercurriculares que se presentan nas nosas programacións, así como a vivencia da música dun xeito directo.
 - Periodicamente o alumnado fará exposición de contidos da Historia da Música a través de presentacións e acompañadas de audicións musicais relacionadas co tema. Estas exposicións serán públicas tanto para alumnado como profesorado.

5. SECUENCIACIÓN DO CURSO

5.1. ► CURSO: 4º GRADO PROFESIONAL

5.1.1. OBXECTIVOS

1. A ensinanza da historia da música no grao profesional debe ter como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:
2. Adquirir o hábito de escoitar música, tanto en soportes gravados como a través da asistencia aos acontecementos musicais presentes no seu contorno, interesándose por ampliar e diversificar as súas preferencias persoais.
3. Captar mediante audicións as características das distintas correntes estéticas, para situar as obras musicais no tempo e recoñecer o seu estilo.
4. Coñecer e comprender a música de cada época, tendo en conta as relacións cos conceptos estéticos imperantes en cada unha, para poder aplicar as convencións interpretativas ao seu repertorio e desenvolver o seu sentido crítico.
5. Valorar a importancia da música nas sociedades humanas, a través das relacións establecidas ao longo da historia entre a música e o resto das artes, así como dos feitos históricos e os movementos socioculturais máis salientables de cada época.
6. Reflexionar sobre o fenómeno sonoro como un aspecto máis da conduta humana, intimamente conectado co proceso histórico en que se encadran tódolos seus aspectos: económicos, sociais e culturais.

5.1.2. CONTIDOS

PRIMEIRO TRIMESTRE

Unidade 1

O FEITO MUSICAL. PREHISTORIA E MUNDO ANTIGO.

► Contidos:

1. A música como feito social e cultural. As fontes de información histórica.
2. Música na Prehistoria. A orixe da música.
3. A música nas civilizacións do Oriente Próximo: civilizacións da Antigüidade. Marco xeográfico e cultural. Mesopotamia, Exipto, Israel:
4. A música segundo as fontes arqueolóxicas, iconográficas e escritas.
5. Organoloxía.
6. A música na sociedade.

Unidade 2

A MÚSICA EN GRECIA E ROMA.

► Contidos:

Grecia.

1. As fontes. A música na cultura grega. Música e sociedade.

2. A escola pitagórica. O pensamento platónico e aristotélico. O pensamento musical, a música como ideal educativo.

3. A cítara. O aulós. A música instrumental. Organoloxía.

4. Sistema musical grego: notas, intervalos, xéneros, sistemas de escalas. Notación musical.

5. Obras musicais conservadas.

6. A herdanza grega.

Roma.

1. Música e sociedade en Etruria e Roma.

2. Organoloxía e teoría musical.

A música dos Iberos.

1. Fontes conservadas.

Unidade 3

A MONODIA RELIXIOSA MEDIEVAL.

▶ Contidos:

1. A orixe do canto litúrxico en Occidente. As liturxias rexionais en Oriente. O canto bizantino.

2. A reforma carolinxia e a difusión do gregoriano.

3. A Liturxia Romana. A Misa: o Propio e o Ordinario. Os Oficios. O pensamento musical na igrexa.

4. A notación neumática. A notación cadrada. O sistema de solmisación de Guido d'Arezzo. Os modos eclesiásticos.

5. Características xerais do estilo musical.

6. Recitativo litúrxico. A salmodia.

7. Clases, formas e tipos de canto relixioso. Cantos do Oficio: antífonas, responsorios, himnos.

8. A Misa. Cantos do Propio e do Ordinario.

9. A expansión da liturxia: tropos, secuencias e dramas litúrxicos.

Unidade 4

A MONODIA PROFANA MEDIEVAL.

▶ Contidos:

1. Organoloxía medieval.

2. A música dos xogares e dos goliardos.

Os trobadores: xeracións e principais representantes.

1. Formas poéticas e musicais dos trobadores.

2. Características do estilo musical.

3. Música instrumental e instrumentos medievais.

Os trobeiros: xeracións e principais representantes.

1. Formas poéticas e musicais das cancións troberas.

2. As formas musicais: letanía, secuencia, himno, rondel.

A monodia non litúrxica e profana.

1. A monodia profana nos países xermánicos.

2. A monodia na Península Itálica.

3. A monodia na Península Ibérica: A lírica alfonsina e galaico-portuguesa.

SEGUNDO TRIMESTRE

Unidade 5

O NACEMENTO DA POLIFONÍA. A ESCOLA DE NOTRE DAME.

1. Orixe e razón do nacemento da polifonía.
2. Descricións teóricas e exemplos das primeiras formas de polifonía: o organum e os seus diversos tipos. Fontes teóricas e fontes prácticas.
3. Estilo melismático e o estilo discantus. San Martial de Limoges e Santiago de Compostela.
4. Os novos problemas da teoría e da notación musical. As consonancias.
5. A escola de Notre Dame
6. A notación modal e modos rítmicos.
7. Organum duplum. Seccións de nota tida, seccións de discantus. As cláusulas de substitución.
8. Organum triplum e quadruplum.
9. Conductus. Tipos e características.
10. Nacemento do motete.

Unidade 6

ARS ANTIQUA.

► Contidos:

1. Ars Antiqua: definición e fontes.
2. Da anotación modal á notación mensural.
3. Motete relixioso e profano. Motetes latinos e franceses. Motetes politextuais.
4. Motete-conductus.
5. Cancións polifónicas profanas. Rondeau. Hoquetus. Rondellus.
6. Música instrumental.
7. Ars Antiqua na Península Ibérica. El Códice de Las Huelgas.

Unidade 7

O ARS NOVA EN FRANCIA E ITALIA. A TRANSICIÓN AO RENACEMENTO.

► Contidos:

1. As innovacións de Philippe de Vitry. O motete isorrítmico.
2. Guillaume de Machaut. Os xéneros musicais. As formas fixas: ballade, rondeau e virelai.
3. Formas poéticas e musicais do Ars Nova italiano: madrigal, caccia, ballata. Xeracións de compositores do Trecento italiano. Francesco Landini.
4. Ars Nova na Península Ibérica.
5. Pensamento estético en tomo ó Ars Nova.
6. A transición ó Renacemento: O Ars Subtilior. Principais fontes e compositores. Características do estilo musical. Complexidade rítmica da notación.

TERCEIRO TRIMESTRE

Unidade 8

RENACEMENTO: SÉCULO XV.

► **Contidos:**

1. Contexto histórico, filosófico e cultural, periodización das etapas do Renacemento.
2. Discanto inglés. Fontes e compositores. Características musicais.
3. Características xerais da música no s. XV.
4. A música na primeira metade do século XV. Dufay. Os xéneros musicais: a misa, o motete, a “chanson”. Características.
5. A música na segunda metade do século XV. Ockeghem. A Misa, o motete, a “chanson”. O inicio dos estilos nacionais de polifonía profana. A música na Península Ibérica.
6. A música instrumental. Organoloxía. A música a finais do século XV e principios do XVI. Características musicais: a imitación. Josquin Desprez. A Misa, o motete, a “chanson”.
7. Afianzamento dos estilos nacionais de polifonía profana; a música na Península Ibérica.

Unidade 9

RENACEMENTO: SÉCULO XVI.

► **Contidos:**

A música na primeira metade do século XVI.

1. A polifonía imitativa. Características musicais. Principais autores.
2. Os xéneros musicais: a misa, o motete, a “chanson”. Tipoloxías.
3. Madrigal italiano. Etapas e características. Principais madrigalistas.
4. A cultura musical nacional.
5. A chanson francesa e flamenca.
6. Lied alemán. A música da Reforma.
7. Romance e villancico en España. Características. Cancioneiros. Juan de la Encina e outros.
8. A emancipación da música instrumental:
9. Organoloxía.
10. Os principais tipos de música instrumental.

A música na segunda metade do século XVI.

1. Novas características musicais.
2. A Contrarreforma.

As grandes escolas europeas.

1. A escola romana: Palestrina.
2. A escola veneciana: os Gabrieli.
3. A escola española: Tomás Luis de Victoria, Francisco Guerrero.

Unidade 10

INICIO E DESENVOLVEMENTO DO BARROCO.

► Contidos:

1. Características xerais definitorias do novo estilo musical.
2. Organoloxía.

A música vocal.

1. Nacemento da ópera. Claudio Monteverdi.
2. A expansión da ópera. Aria e recitativo.
3. A ópera en Francia.
4. Teatro musical en España.
5. Música de cámara vocal. A cantata. A música relixiosa.

A música instrumental.

1. Xéneros derivados ou relacionados con obras vocais.
2. Xéneros relacionados coa danza.
3. Xéneros puramente instrumentais: A sonata. O concerto.

5.1.3. AVALIACIÓN

Criterios de avaliación

Coa avaliación preténdese coñecer o grao no que se alcanzaron os obxectivos propostos.

1. Mediante proba oral ou escrita, baseada nos contidos conceptuais.

- Relacionar a Historia da Música coas outras manifestacións artísticas e co pensamento de cada época.
- Identificar as circunstancias de todo tipo (políticas, culturais, económicas, ideolóxicas) que poidan incidir no desenrolo evolutivo das distintas épocas, estilos ou autores máis representativos da historia da música.
- Responder a tódalas restantes cuestións teóricas derivadas de cada unidade propostas polo profesor.

2. Mediante proba oral ou escrita, baseada na audición e/ou partitura.

- Identificar, a través da audición, obras de distintas épocas e describir as súas características máis importantes.
- Recoñecer sobre a partitura os distintos estilos musicais correspondentes a cada período histórico e sinalar os seus rasgos esenciais.
- Mediante audición e/ou análise, situar no tempo e comparar obras musicais de similares características, representativas dos principais estilos ou escolas, destacando semellanzas e diferenzas entre elas.
- Realizar un comentario crítico a partir da audición dunha obra determinada.
- Realizar comentarios de texto acerca das características principais das correntes estético musicais ao longo da historia.

3. Mediante os traballos realizados

4. Mediante a observación actitudinal na aula.

Mínimos esixibles

- Identificación, a partir da audición, dos estilos musicais correspondentes aos diversos períodos históricos e describir os seus trazos máis característicos.
- Contextualizar, a través da audición de obras de diferentes épocas e estilos, con ou sen partitura, os trazos esenciais dos períodos histórico-estilísticos, coñecer conceptualmente e saber diferenciar as diferentes técnicas de composición, os xéneros, as formas e as características dos principais autores e as diferentes escolas, estilos e períodos ao longo da historia da música.
- Comentar, a través da análise, exemplos iconográficos con situacións musicais representativas de diversos períodos históricos.
- Realizar un comentario crítico a partir dunha audición dunha obra determinada, con ou sen partitura, demostrando capacidade de extraer da obra os seus elementos estilísticos e formais, a forma, o xénero e de situala nunha determinada corrente estilística e histórica e situala xeográfica e cronoloxicamente.
- Identificar e comparar obras musicais de similares características representativas dos principais estilos ou escolas, e sinalar semellanzas e diferenzas entre elas, por medio da audición e/ou a análise.
- Coñecemento da liña temporal da historia da música, non só en canto á evolución musical, senón tamén en canto á súa relación cos diferentes aspectos históricos.
- Realización de exercicios que consistirán na análise auditiva e/ou sobre partitura de diversas obras.
- Realización de exercicios escritos sobre diversos contidos seleccionados dos propios da materia, que permitan avaliar se o alumnado é capaz de recoñecer e comentar os diferentes aspectos tratados na programación.

Procedementos e Ferramentas de avaliación:

Avaliación inicial: Establécese este tipo da avaliación para concretar as características dos nosos alumnos e alumnas, así como para detectar, nos casos que así se precisase, as posibles carencias ou problemas que poida ter o alumno, para así poder resolver no menor tempo posible e da forma mais axeitada.

Avaliación continua: Establécese este tipo da avaliación como seguimento habitual do alumnado, ao longo de todo o curso académico, aportando ao alumno a posibilidade de progresar no tempo, favorecendo así unha aprendizaxe integradora.

Avaliación final ou sumativa: Dada a necesidade de emitir unha nota ao termo de cada seu trimestre, así como ao final do curso académico, establécese este tipo da avaliación que nos aportará a información necesaria á hora de concretar que obxectivos e en que grao se obtiveron.

- Preguntas teóricas sobre contidos conceptuais, o alumno debe interrelacionar a historia da música coa doutros aspectos da cultura e o pensamento.
- Análise estilístico de partitura.
- Análise de audición, aplicar os procedementos de audición e de investigación musicais para analizar obras, atendendo ás súas características formais, aos seus trazos estilísticos máis significativos e á súa relación con outras manifestacións artísticas do momento.
- Comentario de imaxes.

- Comentario de textos, elaborar comentarios de texto literario musical, extraendo deles as ideas máis significativas, contextualizándoos e comprendendo o seu alcance e proxección.
- Probas escritas ou orais trimestrais, coas súas respectivas recuperacións despois da avaliación.
- Traballo práctico anual de entrega obrigatoria escrita e impreso.
- Exercicios escritos e orais realizados na clase de forma puntual para fixar contidos teóricos e prácticos: comentarios de textos, imaxes, partituras, audicións, cuestionarios sobre lecturas específicas, etc.
- Asistencia activa e produtiva ás clase.
- Proporanse igualmente unha serie de traballos optativos que contarán de forma positiva na cualificación do alumno.

Criterios de cualificación

A avaliación do proceso de aprendizaxe será continua, non obstante, ao cabo de cada trimestre realizarase una proba -oral ou escrita- na que se poida avaliar obxectivamente o resultado final do proceso.

A cualificación ten como finalidade representar o grao en que o alumno e alumna acada os obxectivos propostos.

A cualificación será numérica en números enteiros sen decimais do 1 ao 10. Neste baremo o 1 representaría a cualificación do alumnado que non acada ningún dos obxectivos propostos e o 10 a do alumnado que acada a totalidade dos obxectivos nun grao de excelencia. A cualificación de 5 sería a asignada ao alumnado que cumpre cos mínimos esixibles.

A cualificación será o resultado da valoración global de tódalas actividades de avaliación estipuladas anteriormente.

5.1.4. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

Procedementos de recuperación ordinarios

O alumnado disporá de probas escritas e orais de recuperación se non supera os criterios de avaliación marcados para cada trimestre. Cada alumno e alumna só poderá optar a unha proba de recuperación por trimestre.

Se o alumno ou alumna suspende dúas das tres avaliacións, terá a posibilidade de superar a materia por medio dunha proba final que se realizará no mes de maio.

O carácter de cada bloque temático decidirá que tipo de cuestións, de entre as citadas, conformarán a proba trimestral. Dita proba poderá constar de dúas partes diferenciadas, unha delas teórica e outra de carácter práctico. Ámbalas dúas valoraranse de xeito ponderado, segundo o carácter específico dos contidos e do tipo de proba.

Probas extraordinarias do mes de xuño

O alumnado que non acade nas probas ordinarias do mes de Maio os obxectivos e contidos mínimos esixibles do curso, establecidos na presente Programación, deberá presentarse ás probas extraordinarias do mes de Xuño. O calendario destas probas será exposto publicamente nos meses de Maio-Xuño nos taboleiros de información xeral do Conservatorio, no taboleiro do Departamento e na páxina web do Conservatorio.

As probas extraordinarias de xuño, poñen a disposición do alumnado que non acade os obxectivos e contidos mínimos esixibles do curso nas probas ordinarias do mes de Maio, a posibilidade de superar a materia, realizando unha proba escrita ou oral sobre a totalidade dos contidos indicados nesta programación. Esta proba poderá incluír todos ou algúns dos seguintes tipos de cuestións:

- Preguntas teóricas sobre contidos conceptuais.
- Análise estilístico de partitura.
- Análise de audición.
- Comentario de imaxes.
- Comentario de textos.

5.1.5. RECURSOS DIDÁCTICOS

Empréganse fontes impresas, manuscritas, iconográficas e sonoras así como explicacións diarias na aula. Como **fontes impresas**, o alumnado pode consultar ou dispoñer dalgunha destas principais obras de referencia musicolóxica e editoriais de relevancia histórico-musical que serán de uso para os cursos de Historia da Música de Grao Profesional: o primeiro tomo de “Historia de la Música Occidental” de Donald J. Grout y Claude V. Palisca, Alianza Música, os dous tomos do Atlas de Ulrike (Alianza), a antoloxía de partituras da Norton Anthology of Western Music de Claude V. Palisca que ten asociadas as gravacións correspondentes. Así mesmo poderá revisar un banco de apuntes sobre aspectos da historia da música baseado en traballos elaborados polo alumnado de cursos anteriores. Tamén se destacan as tecnoloxías da información e da comunicación como fonte para o estudo da historia da música. Como **recursos usados para a aula**, o alumnado dispoñerá de recursos audiovisuais, equipo de son, lector de DVD, e conexión WIFI no centro.

Tanto a programación como o temario e audicións e audiovisuais están recollidos na páxina da Aula Virtual da materia de Historia da Música:

<https://sites.google.com/site/historiadelamusicaeloisaperez/home>

5.2. ► CURSO: 5º DE GRAO PROFESIONAL

5.2.1. OBXECTIVOS

1. A ensinanza da historia da música no grao profesional debe ter como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:
2. Adquirir o hábito de escoitar música, tanto en soportes gravados como a través da asistencia aos acontecementos musicais presentes no seu contorno, interesándose por ampliar e diversificar as súas preferencias persoais.
3. Captar mediante audicións as características das distintas correntes estéticas, para situar as obras musicais no tempo e recoñecer o seu estilo.
4. Coñecer e comprender a música de cada época, tendo en conta as relacións cos conceptos estéticos imperantes en cada unha, para poder aplicar as convencións interpretativas ao seu repertorio e desenvolver o seu sentido crítico.
5. Valorar a importancia da música nas sociedades humanas, a través das relacións establecidas ao longo da historia entre a música e o resto das artes, así como dos feitos históricos e os movementos socioculturais máis salientables de cada época.
6. Reflexionar sobre o fenómeno sonoro como un aspecto máis da conduta humana, intimamente conectado co proceso histórico en que se encadran tódolos seus aspectos: económicos, sociais e culturais.

5.2.2. CONTIDOS

PRIMEIRO TRIMESTRE

Unidade 1

O BARROCO TARDÍO.

► Contidos:

1. Repaso do concepto e historiografía do Barroco.
2. Música vocal.
3. A ópera
4. Estilo italiano.
5. Ópera seria e ópera bufa.
6. Haendel.
7. Estilo francés.
8. Rameau.
9. Outros xéneros de música vocal profana e sacra.
10. A música relixiosa e a eclosión das súas formas.
11. Johann Sebastian Bach e as súas obras vocais.
12. Música instrumental.
13. Concerto. Tipoloxías. Vivaldi. Bach.
14. Xéneros musicais para teclado. Tipoloxías. Bach.
15. Xéneros musicais de cámara.

Unidade 2

INICIO E DESENVOLVEMENTO DO CLASICISMO.

► Contidos:

1. Características xerais do período.
2. Sistema de patronazgo.
3. Os inicios do concerto público.
4. Obras didácticas. Impresión e edición.

Antecedentes do estilo clásico.

1. Estilo galant.
2. Os compositores do Preclasicismo, o empfindsamer stil. C. P. E. Bach, Domenico Scarlatti.

Xéneros musicais.

1. A sonata a solo con baixo continuo.
2. A sonata a trío.
3. A canción.
4. A sinfonía. Orixe e desenvolvemento. A escola de Mannheim.
5. Concerto.
6. As principais correntes de ópera: a ópera seria italiana, recitativo e aria, a ópera bufa italiana, a ópera francesa.

Unidade 3

CLASICISMO: CONSOLIDACIÓN E APOXEO.

► Contidos:

1. Contexto Social e cultural.
2. Belo e o sublime.
3. Sturm und Drang.
4. Concepto do clásico.
5. Características do estilo musical.
6. A forma sonata.
7. Música instrumental.
8. Evolución da sonata con baixo continuo.
9. A sonata para teclado.
10. Trío, cuarteto y quinteto de corda.
11. A evolución da orquestra.
12. A sinfonía clásica.
13. Concerto solista.
14. Música vocal.
15. Música sacra.
16. A ópera.
17. A ópera seria e bufa.
18. Cambios na ópera bufa italiana.
19. A reforma operística de Gluck.
20. A opéra comique e o singspiel.
21. Lied.

22. Os grandes compositores do período, Haydn e Mozart.

23. Clasicismo en España e en Galicia.

SEGUNDO TRIMESTRE

Unidade 4

BEETHOVEN. O NACEMENTO DO ROMANTICISMO.

► Contidos:

Característicos do Romanticismo en xeral.

1. Antecedentes históricos
2. Patronazgo e o público musical.
3. A formación do compositor.
4. Estética musical
5. Características xerais da música romántica.

A obra de Beethoven.

1. Características musicais do estilo maduro.
2. Sonatas para piano.
3. Sinfonía Heroica.
4. A música sinfónica e concertística.
5. Fidelio.

Unidade 5

O ROMANTICISMO: 1ª METADE DO S. XIX.

► Contidos:

Música sinfónica.

1. Schubert e Mendelssohn.
2. Berlioz: a Sinfonía fantástica.
3. Recursos musicais.

Música para ou con instrumento solista.

1. A figura do virtuoso.
2. Paganini, Field.
3. Xéneros musicais.
4. Chopin e Schumann.

A música de cámara.

O lied.

1. A obra de Schubert.
2. Schumann.

A ópera.

1. Tipoloxías.
2. Rossini, Bellini, Donizetti.
3. A expansión da ópera no século XIX.

4. A ópera en Francia.
5. A grand opéra.
6. A ópera romántica alemá.
7. Weber.

Unidade 6:

O ROMANTICISMO: 2ª METADE DO S. XIX.

► Contidos:

Música instrumental.

1. Obra para piano.
2. Evolución do piano e a súa técnica no século XIX.
3. Linguaxe pianística de Robert Schumann, Frédéric Chopin, Franz Liszt.
4. Obra orquestral: o poema sinfónico.
5. Brahms.
6. Concerto para solista instrumental.
7. Bruckner.
8. A obra sinfónica.
9. Sinfonismo clasicista, Schubert e Mendelssohn.

Música vocal.

1. Verdi.
2. Contemporáneos e continuadores da ópera italiana.
3. Wagner e o drama musical.
4. Leitmotiv.
5. Comezo da modernidade: o Preludio de Tristán e Isolda.
6. A ópera francesa de fin de século.
7. Verismo.

O nacionalismo musical.

1. Características xerais da música instrumental e vocal.
2. A música en Rusia. Glinka. El “Grupo de los Cinco”.
3. Bohemia. Smetana. Dvorak. Janacek.
4. Noruega. Grieg.
5. Finlandia. Sibelius.
6. Poemas sinfónicos.
7. Sinfonías.
8. España. Galicia.

TERCEIRO TRIMESTRE

Unidade 7

A MODERNIDADE. NOVAS TENDENCIAS DE COMEZOS DO SÉCULO XX.

► Contidos:

1. Entorno político e social de fin de século.

2. Comprender o contexto socio-cultural desta época.

Postromanticismo.

1. G. Mahler.
2. Strauss.

Impresionismo.

1. Aspectos históricos.
2. Movemento impresionista: características xerais.
3. Principios estéticos fundamentais do impresionismo musical.
4. Relación entre pintura, poesía e música.
5. Exotismo e a asimilación da música popular.
6. Os métodos impresionistas na música. Aspectos estilísticos: Harmonía. Melodía. Ritmo. Timbre e textura.
7. Estrutura formal.
8. Principais compositores impresionistas, Debussy, Ravel.

Outras novas tendencias.

1. Primitivismo.
2. A máquina.
3. Deportes e ballet
4. A influencia do jazz.

O Neoclasicismo.

1. Características principais.
2. Principios estéticos do Neoclasicismo musical.
3. Elementos da linguaxe musical neoclásica: melodía, textura e harmonía, timbre e estrutura.
4. Igor Stravinsky, os distintos períodos, a súa música.
5. Béla Bartók, a súa música.
6. O sistema harmónico.
7. Superación do Impresionismo.
8. A música francesa: Satie. Milhaud, Poulenc, Les Six.
9. Os clasicistas.

Unidade 8

OS NACIONALISTAS NO S.XX. O DODECAFONISMO.

► Contidos:

Xeneral.

1. Neonacionalismo.
2. Manuel de Falla.

Rusia.

1. Realismo socialista.
2. Compositor e o goberno.
3. Sergei Prokofiev.
4. Dmitri Shostakovich.

América.

1. Charles Ives.
2. Aaron Copland.
3. Método dodecafónico e a Segunda Escola de Viena.
4. Arnold Schönberg. Principais obras dodecafónicas.
5. Alban Berg. Obras.
6. Anton Webern .Obras.

Unidade 9

A MÚSICA DENDE A SEGUNDA GUERRA MUNDIAL ATA A ACTUALIDADE.

► Contidos:

1. Panorama histórico e cultural trala segunda Guerra Mundial.
2. Século XX norteamericano.
3. A música americana. O ragtime e o blues. O jazz. As big bands.
4. A música country, rythm-and-blues, rock-and-roll...
5. Os compositores.
6. Edgar Varese.
7. Indeterminación, John Cage.
8. Contexto histórico dende o final da Segunda Guerra Mundial.
9. Serialismo integral.
10. Espírito compositivo de posguerra.
11. A revolución serial en Francia: Messiaen y Boulez.
12. A música electrónica e electroacústica.
13. Outros movementos de vanguardia.
14. A música ata á actualidade.

5.2.3. AVALIACIÓN

Criterios de avaliación

Coa avaliación preténdese coñecer o grao no que se alcanzaron os obxectivos propostos.

1. Mediante proba oral ou escrita, baseada nos contidos conceptuais.

- Relacionar a Historia da Música coas outras manifestacións artísticas e co pensamento de cada época.
- Identificar as circunstancias de todo tipo (políticas, culturais, económicas, ideolóxicas) que poidan incidir no desenvolvemento evolutivo das distintas épocas, estilos ou autores máis representativos da historia da música.
- Responder a tódalas restantes cuestións teóricas derivadas de cada unidade propostas polo profesor.

2. Mediante proba oral ou escrita, baseada na audición e/ou partitura.

- Identificar, a través da audición, obras de distintas épocas e describir as súas características máis importantes.
- Recoñecer sobre a partitura os distintos estilos musicais correspondentes a cada período histórico e sinalar os seus rasgos esenciais.
- Mediante audición e/ou análise, situar no tempo e comparar obras musicais de similares

características, representativas dos principais estilos ou escolas, destacando semellanzas e diferenzas entre elas.

- Realizar un comentario crítico a partir da audición dunha obra determinada.
- Realizar comentarios de texto acerca das características principais das correntes estético musicais ao longo da historia.

3. Mediante os traballos realizados

4. Mediante a observación actitudinal na aula.

Mínimos esixibles

- Identificación, a partir da audición, dos estilos musicais correspondentes aos diversos períodos históricos e describir os seus trazos máis característicos.
- Contextualizar, a través da audición de obras de diferentes épocas e estilos, con ou sen partitura, os trazos esenciais dos períodos histórico-estilísticos, coñecer conceptualmente e saber diferenciar as diferentes técnicas de composición, os xéneros, as formas e as características dos principais autores e as diferentes escolas, estilos e períodos ao longo da historia da música.
- Comentar, a través da análise, exemplos iconográficos con situacións musicais representativas de diversos períodos históricos.
- Realizar un comentario crítico a partir dunha audición dunha obra determinada, con ou sen partitura, demostrando capacidade de extraer da obra os seus elementos estilísticos e formais, a forma, o xénero e de situala nunha determinada corrente estilística e histórica e situala xeográfica e cronoloxicamente.
- Identificar e comparar obras musicais de similares características representativas dos principais estilos ou escolas, e sinalar semellanzas e diferenzas entre elas, por medio da audición e/ou a análise.
- Coñecemento da liña temporal da historia da música, non só en canto á evolución musical, senón tamén en canto á súa relación cos diferentes aspectos históricos.
- Realización de exercicios que consistirán na análise auditiva e/ou sobre partitura de diversas obras.
- Realización de exercicios escritos sobre diversos contidos seleccionados dos propios da materia, que permitan avaliar se o alumnado é capaz de recoñecer e comentar os diferentes aspectos tratados na programación.

Procedementos e Ferramentas de avaliación:

Avaliación inicial: Establécese este tipo de avaliación para concretar as características dos nosos alumnos e alumnas, así como para detectar, nos casos que así se precisase, as posibles carencias ou problemas que poida ter o alumno, para así poder resolver no menor tempo posible e da forma máis axeitada.

Avaliación continua: Establécese este tipo de avaliación como seguimento habitual do alumnado, ao longo de todo o curso académico, aportando ao alumno a posibilidade de progresar no tempo, favorecendo así unha aprendizaxe integradora.

Avaliación final ou sumativa: Dada a necesidade de emitir unha nota ao termo de cada seu trimestre, así como ao final do curso académico, establécese este tipo de avaliación que nos aportará a información necesaria á hora de concretar que obxectivos e en que grao se obtiveron.

- Preguntas teóricas sobre contidos conceptuais, o alumno debe interrelacionar a historia da música coa doutros aspectos da cultura e o pensamento.
- Análise estilístico de partitura.
- Análise de audición, aplicar os procedementos de audición e de investigación musicais para analizar obras, atendendo ás súas características formais, aos seus trazos estilísticos máis significativos e á súa relación con outras manifestacións artísticas do momento.
- Comentario de imaxes.
- Comentario de textos, elaborar comentarios de texto literario musical, extraendo deles as ideas máis significativas, contextualizándoos e comprendendo o seu alcance e proxección.
- Probas escritas ou orais trimestrais, coas súas respectivas recuperacións despois da avaliación.
- Traballo práctico anual de entrega obrigatoria escrita e impreso.
- Exercicios escritos e orais realizados na clase de forma puntual para fixar contidos teóricos e prácticos: comentarios de textos, imaxes, partituras, audicións, cuestionarios sobre lecturas específicas, etc.
- Asistencia activa e produtiva ás clase.
- Proporanse igualmente unha serie de traballos optativos que contarán de forma positiva na cualificación do alumno.

Criterios de cualificación

A avaliación do proceso de aprendizaxe será continua, non obstante, ao cabo de cada trimestre realizarase una proba -oral ou escrita- na que se poda avaliar obxectivamente o resultado final do proceso.

A cualificación ten como finalidade representar o grao en que cada alumno e alumna acada os obxectivos propostos.

A cualificación será numérica en números enteiros sen decimais do 1 ao 10. Neste baremo o 1 representaría a cualificación do alumnado que non acada ningún dos obxectivos propostos e o 10 a do alumnado que acada a totalidade dos obxectivos nun grao de excelencia. A cualificación de 5 sería a asignada ao alumnado que cumpre cos mínimos esixibles.

A cualificación será o resultado da valoración global de tódalas actividades de avaliación estipuladas anteriormente.

Criterios de ampliación de matrícula

Para conceder a ampliación de matrícula é requisito indispensable que o alumnado supere os obxectivos e contidos de todas as materias do curso no que está matriculado, e que o profesorado considere que pode superar os do seguinte.

O alumnado interesado en ampliar matrícula notificará este feito ao profesorado de tódalas materias nas que está matriculado. Igualmente, poderá solicitar permiso para asistir coma oínte ás clases do curso ao que quere ampliar. Constituirase unha xunta avaliadora, formada polo profesorado que lle imparta a docencia, que emitirán unha cualificación.

O consello Escolar visto as actas de avaliación concederá as ampliacións de matrícula que procedan.

5.2.4. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

Procedementos de recuperación ordinarios

O alumnado disporá de probas escritas e orais de recuperación se non supera os criterios de avaliación marcados para cada trimestre. Cada alumno e alumna só poderá optar a unha proba de recuperación por trimestre.

Se o alumno ou alumna suspende dúas das tres avaliacións, terá a posibilidade de superar a materia por medio dunha proba final que se realizará no mes de maio.

O carácter de cada bloque temático decidirá que tipo de cuestións, de entre as citadas, conformarán a proba trimestral. Dita proba poderá constar de dúas partes diferenciadas, unha delas teórica e outra de carácter práctico. Ámbalas dúas valoraranse de xeito ponderado, segundo o carácter específico dos contidos e do tipo de proba.

Probas extraordinarias do mes de xuño

O alumnado que non acade nas probas ordinarias do mes de Maio os obxectivos e contidos mínimos esixibles do curso, establecidos na presente Programación, deberá presentarse ás probas extraordinarias do mes de Xuño. O calendario destas probas será exposto publicamente nos meses de Maio-Xuño nos taboleiros de información xeral do Conservatorio, no taboleiro do Departamento e na páxina web do Conservatorio.

As probas extraordinarias de xuño, poñen a disposición do alumnado que non acade os obxectivos e contidos mínimos esixibles do curso nas probas ordinarias do mes de Maio, a posibilidade de superar a materia, realizando unha proba escrita ou oral sobre a totalidade dos contidos. Esta proba poderá incluír todos ou algúns dos seguintes tipos de cuestións:

- Preguntas teóricas sobre contidos conceptuais.
- Análise estilístico de partitura.
- Análise de audición.
- Comentario de imaxes.
- Comentario de textos.

5.2.5. RECURSOS DIDÁCTICOS

Empréganse fontes impresas, manuscritas, iconográficas e sonoras así como explicacións diarias na aula. Como **fontes impresas**, o alumnado pode consultar ou dispoñer dalgunha destas principais obras de referencia musicolóxica e editoriais de relevancia histórico-musical que serán de uso para os cursos de **Historia da Música de Grao Profesional: o primeiro tomo de "Historia de la Música Occidental" de Donald J. Grout y Claude V. Palisca, Alianza Música, os dous tomos do Atlas de Ulrike (Alianza), a antoloxía de partituras da Norton Anthology of Western Music de Claude V. Palisca** que ten asociadas as gravacións correspondentes. Así mesmo poderá revisar un banco de apuntes sobre aspectos da historia da música baseado en traballos elaborados polo alumnado de cursos anteriores. Tamén se destacan as tecnoloxías da información e da comunicación como fonte para o estudo da historia da música. Como **recursos usados para a aula**, o alumnado disporá de recursos audiovisuais, equipo de son, lector de DVD, e conexión WIFI no centro.

Tanto a programación como o temario, audicións e recursos audiovisuais están recollidos na páxina da Aula Virtual da materia de Historia da Música:

<https://sites.google.com/site/historiadela musicaeloisaperez/home>

BIBLIOGRAFÍA

- ANDRÉS, Ramón. Diccionario de instrumentos musicales. Desde la Antigüedad a J. S. Bach. Barcelona: Península, 2001, 1ª edición 1995.
- BAINES, A. Musical Instruments through the Ages. Londres: Penguin Books, 1971.
- BASSO, Alberto. La época de Bach y Haendel. Madrid: Turner, 1986.
- BEARD, DAVID-GLOAG, KENNETH. Musicology, the Key Concepts. Londres: Routledge 2005.
- BENEDETTO, Renato di. Historia de la música. 7, el siglo XIX. Primera parte: Madrid: Turner, 1987.
- BENT, Ian. Music analysis in the nineteenth century. 1, Fugue, form and style. Cambridge: Cambridge University Press, 1994.
- BIANCONI, Lorenzo. Historia de la música. El siglo XVII. Madrid: Turner, 1986.
- BUKOFZER, M.F. La música en la época barroca. De Monteverdi a Bach. Madrid: Alianza Música, 1994, 3ª edición.
- CASARES RODICIO, E. "La música barroca: análisis formal e ideológico" en La música en el barroco (Oviedo: Universidad de Oviedo, Oviedo, 1977), 15-50.
- CASARES RODICIO, E. (ed.) Diccionario de la Música Española e Hispanoamericana. Madrid: SGAE, 1999.
- COOK, NICHOLAS-POPE, ANTHONY. The Cambridge History of Twentieth Century Music. Cambridge CUP 2004.
- DAY, TIMOTHY. A Century of Recorded Music, Listening to Music History. New Haven & Londres. Yale University Press 2000.
- DOWNS, Philip G. La música clásica: la era de Haydn, Mozart y Beethoven. Madrid: Akal, 1998.
- DOWNS, Philip. Antología de la música clásica. Madrid: Akal, 2006.
- DUFOURCQ, N. "La época del bajo continuo (ca. 1600-1750)", en CHAILLEY, J. Compendio de Musicología (Madrid: Alianza Música, 1991), 207-241.
- EINSTEIN, Alfred. La música en la época romántica. Madrid: Alianza, 1986.
- FERNÁNDEZ DE LA CUESTA, I. "La época del bajo continuo", en CHAILLEY, J. Compendio de Musicología (Madrid: Alianza Música, 1991).
- FUBINI, E. La estética musical. Desde la Antigüedad a nuestros días. Madrid: Alianza, 1988.
- GARBAYO, J. "O esplendor do barroco musical en Galicia", en O feito diferencial de música, vol.2 (Santiago: Museo do Pobo Galego, 1998), 121-177.
- GRIFFITHS, Paul. Breve historia de la música occidental. Madrid: Akal, 2009.
- GROUT, D. y PALISCA, C. Historia de la música occidental. Madrid: Alianza, 1986, 2 vols.
- HILL, John Walter. La música barroca: música en Europa occidental, 1580-1750. Madrid: Akal, 2008.
- KEEFE, SIMON P. The Cambridge History of Eighteenth Century Music. Cambridge CUP, 2009.
- KÜHN, Clemens. Historia de la composición musical en ejemplos comentados. Barcelona: Idea Books, 2003.
- Tratado de la forma musical. Barcelona: Idea Books, 2003.
- LAWSON, C-STOWELL, R. The Historical Performance of Music, an Introduction. Cambridge CUP, 1999. The Cambridge History of Music Performance, CUP, 2012.
- LÓPEZ CALO, J. "La música. 1500-1800", en Galicia renace (Santiago: Xunta de Galicia, 1997), 72-84.
- MARCO, Tomás. Pensamiento musical y siglo XX. Madrid: SGAE, 2002.

- MEYER, Leonard B. El estilo en la música: teoría musical, historia e ideología. Madrid: Pirámide, 2000.
- MICHELS, U. Atlas de la música. Madrid: Alianza, 1989, 2 vols.
- MORGAN, Robert P. Antología de la música del siglo XX. Madrid: Akal, 1998.
- MORGAN, Robert P. La música del siglo XX. Madrid: Akal, 1999
- NATRIG, M, Teaching Music History, Aldershot, Ashgate, 2002.
- OROZCO DÍAZ, E. Introducción al barroco. Granada: Universidad de Granada, 1988, vol. 1.
- PALISCA, C.V. La música en el barroco. Buenos Aires: Editorial Víctor Lerú, 1978. 25 “Baroque”, en SADIE, Stanley ed. The New Grove Dictionary of Music and Musicians, vol.2, (Library of Congress Cataloging in Publication, 1980), 172- 178.
- PLANTINGA, Leon. La música romántica. Madrid: Akal, 2002.
- PLANTINGA, Leon. Antología de la música romántica. Madrid: Akal, 2008.
- RODRÍGUEZ SUSO, Carmen. Prontuario de musicología. Música, sonido, sociedad. Barcelona: Clivis, 2002.
- ROSEN, Charles. Formas de sonata. Barcelona: Labor, 1987.
- SALAZAR, A. Conceptos fundamentales de la historia de la música. Madrid: Alianza Música, 1988.
- The New Grove Dictionary of Musical Instruments. Londres: Macmillan Press Limited, 1984.
- STEFANI, G. Musica barocca. Poetica e ideología. Milán: Bompiani, 1987.
- STRAUS, Joseph. Introduction to post-tonal theory. Englewood Cliffs (New Jersey): Prentice-Hall, 1990.
- TARUSKIN, RICHARD, The Oxford History of Western Music, Oxford, OUP, 2004.

Bibliografía activa

- SALVAT, *Los Grandes Temas de la Música* (3 volúmenes), Pamplona 1986.
- SALVAT, *Los Grandes Compositores* (5 volúmenes), Pamplona 1981.
- COLLINS, *Classical Music Encyclopedia* Londres 2000.
- HAMLIN, *The Larousse Encyclopedia of Music* Londres 1971.
- VALLS SORINA, Manuel. *Diccionario de la Música*. Alianza Editorial, Madrid 1971.
- ZAMOCOIS, Joaquín. *Guión de la Historia de la Música* Ediciones Quiroga, Barcelona 1975.
- ZAMACOIS, Joaquín. *Temas de la Historia de la Música*, Labor, Barcelona 1975.
- POLYGRAM, *La Gran Música Paso a Paso*, Madrid 1984.
- TRÍAS, Eugenia, *El Canto de las Sirenas*, Galaxia Gutenberg.
- GODWIN, Jocelyn, *Armonías del Cielo y de la Tierra*, Paidós Orientalia, Londres 1987.
- HILL, John Walter, *La Música Barroca*, Akal Música, Madrid 2002.
- DOWNS, Philip G, *La Música Clásica*, Akal Música, Madrid 2002.
- PLANTINGA, Leon, *La Música Romántica*, Akal Música, Madrid 2002.
- DIBELIUS, Ulrich, *La Música Contemporánea Desde 1945*, Akal Música, Madrid 2002.
- TAURUS HUMANIDADES, Igor Strawinsky, *Poética Música*, Madrid 1972.
- CORNELLAS, José Luis, *Historia Sencilla de la Música*, Rialp, Madrid 2006.
- TORRES, J, GALLEGO, A, ALVAREZ, L *Música y Sociedad* Real Musical, Madrid 1980.
- PÉREZ, Mariano, *El Universo de la Música*, Musicalis, Madrid 1981.
- SNOWMAN, Daniel, *La Ópera, una Historia Social*, Siruela, Londres 2009.
- ALIANZA ATLAS, *Atlas de la Música*, Munich 1977.

- BURKHOLDER, PETER J, GROUT; DONALD; PALISCA; CLAUDE, *Historia de la Música Occidental*, Alianza Música, Madrid 2008.
- LAROUSSE, Enciclopedia Temática (Arte y Música), Barcelona 2002.
- MAS IVARS EDITORIALES, *Historia Universal del Arte*, (11 volúmenes), Valencia 1980.
- DEBATE, *Grandes Maestros de la Pintura*, Madrid 1996.
- BAGEND, PHILIP, MEADS, JONATHAN, *Biblioteca Universal del Arte*, Barnat, Barcelona 1980.
- REFORS, J.F, *Historia Universal del Arte*, Hispania Sopena, Barcelona 1979.
- LEXIS 22, *Bellas Artes*, Barcelona 1979.
- ESTEBAN-LEAL, PALOMA, CARVACEDO-MATORRA, MONTSERRAT, *Historia del Arte*, Eldevives, Barcelona 1973.
- HERGUEDAS-LORENZO, MIGUEL ÁNGEL, GARCÍA- TORRALBA, M^a ASUNCIÓN, ZAFRA-CAMPS, JUAN, *Historia del Arte*, Madrid 1992.
- TOMA, Rolf, *Arquitectura, pintura Escultura Barroco, Rococó, Feirabend*.

6. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Durante o desenvolvemento das actividades da programación avaliaremos o proceso de aprendizaxe do alumnado para detectar os seus progresos e dificultades. Teremos en conta:

- O grao de conexión das actividades propostas cos intereses do alumnado.
- As dificultades de cada alumno e alumna na resolución de problemas.
- A adecuación dos recursos empregados, temporización e metodoloxía.
- Compenetración da selección de contidos e da súa secuenciación.

7. PROCEDIMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO

As reunións do profesorado son o foro onde se realiza a avaliación interna das estratexias metodolóxicas do departamento, valorando o grao de cumprimento da programación.

Temos en conta que una avaliación do alumnado tamén é unha proba do persoal do departamento e o grao de conexión con eles. Polo tanto avaliamos as respostas do alumnado e os resultados obtidos nas probas de cada semestre coa finalidade de valorar o nivel alcanzado e suxerir melloras. Tense en conta ademais as impresións obtidas do contacto e compenetración diaria co alumnado.

8. ANEXOS

8.1. CRITERIOS PARA A OBTENCIÓN DOS PREMIOS FIN DE GRAO

ORDE do 10 de marzo de 2009 pola que se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honra e premio de fin de grao nas ensinanzas profesionais de música e danza.

O Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo do grao profesional das ensinanzas de réxime especial de música e o Decreto 204/2007, do 11 de outubro, polo que se establece o currículo do grao profesional das ensinanzas de réxime especial de danza, na súa disposición adicional cuarta, establecen a cualificación extraordinaria de matrícula de honra e o premio de fin de grao como recoñecemento ao alumnado con mellor expediente académico, e dispoñen que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulará as condicións para a obtención de ambas as dúas distincións académicas.

En consecuencia, en virtude das atribucións que ten conferidas, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Destinatarios/as.

1. A matrícula de honra concederáse ao alumnado matriculado en calquera curso das ensinanzas profesionais de música ou danza que acade a cualificación de 9 en calquera das materias reguladas polo Decreto 203/2007, do 27 de setembro, ou polo Decreto 204/2007, do 11 de outubro.
2. O premio de fin de grao concederáse ao alumnado matriculado en calquera dos centros da comunidade autónoma que remate o sexto curso dos estudos profesionais de música ou danza cunha cualificación media de 8 no dito curso, cando menos, e se presente á proba anual correspondente.

Artigo 3º.-Concesión.

3. Matrículas de honra.

- a) O número de matrículas de honra non poderá superar o 10% do alumnado matriculado no curso.
- b) As matrículas de honra serán propostas polo departamento didáctico responsable da materia, por instancia do profesor ou profesora que a imparta.
- c) As propostas do departamento elevaranse á Comisión de Coordinación Pedagóxica, que redactará a acta dos acordos tomados e da concesión das matrículas de honra.
- d) Darase traslado da acta ao secretario ou secretaria do centro para que engada os resultados nos expedientes académicos correspondentes do alumnado.
- e) A concesión da matrícula de honra consignarase nos documentos de avaliación destas ensinanzas coa expresión matrícula de honra a continuación da cualificación numérica obtida.

4. Premio de fin de grao.

- a) Para a concesión do premio de fin de grao constituirase un tribunal específico para este fin, que será designado polo director ou directora do centro, e se encargará de valorar a proba correspondente á convocatoria anual.
- b) O tribunal estará formado por tres profesores/as, dos que só un deles/as será membro do departamento da especialidade de procedencia do/a alumno/a aspirante ao premio. Non poderá formar parte do citado tribunal o profesorado que impartise docencia directa a ese/a aspirante durante o curso anterior.
- c) Os departamentos didácticos establecerán os criterios valorativos para a obtención do premio de fin de grao, cuxa proba deberá ter carácter práctico.
- d) As probas para a concesión do premio de fin de grao serán convocadas pola dirección dos centros. Estas probas levaranse a cabo unha vez rematada a sesión de avaliación do fin de curso. Para os efectos de organización académica, a citada proba non se realizará despois do 10 de xuño.
- e) Aos/Ás aspirantes que obteñan o premio, o centro expediralles un diploma acreditativo que testemuñe a súa obtención, segundo o modelo que recolle o anexo desta orde.

5. Contra o acto de concesión da matrícula de honra ou do premio de fin de grao os/as interesados/as poderán interpoñer recurso de alzada perante o/a director/a do centro educativo no prazo dun mes, desde a data da súa realización.

8.2. PROBAS DE ACCESO

O alumnado que desexe participar nas probas que anualmente se convocan para acceder aos diversos cursos do grao profesional deberá demostrar o seu dominio da materia de Historia da música.

As probas de acceso terán lugar no mes de Xuño, segundo se estableza no calendario específico elaborado polo centro. O calendario destas probas, será exposto publicamente nos meses de Maio-Xuño nos taboleiros de información xeral do Conservatorio, no taboleiro do Departamento e na páxina web do centro.

8.2.1. Proba de Acceso a 5º curso de Grao Profesional

Para a superación dos contidos da materia de Historia da Música realizarase:

• **Exame teórico** no que o alumno debe demostrar coñecementos de carácter teórico en Historia da Música: períodos, xéneros, estilos, formas musicais, escolas e compositores abarcando un período do seguinte temario correspondente ao programa do 4º curso de Historia da Música:

- O Feito Musical, Prehistoria e Mundo Antigo, Grecia e Roma
- A Monodia Medieval Relixiosa e Profana
- O Nacemento da Polifonía. Ars Antiqua e Nova
- Do Medievo ao Renacemento: a Escola Inglesa e Borgoñona no S. XV
- Renacemento, Séculos XV e XVI, (de Ockeghem a Josquin)

Obxectivos

- Demostrar a través do exame os coñecementos da música de diversas épocas, describindo os seus trazos máis importantes.
- Identificar as obras e estilos musicais de diferentes épocas.

Criterios de Avaliación

Para avaliar e coñecer o grao no que se alcanzaron os obxectivos propostos realizarase mediante proba escrita que constará de 5 preguntas do temario anteriormente citado e para o que disporá de 90 minutos.

Criterios de Cualificación

Para a superación dos contidos da materia de Historia da Música terá que ter máis dun 50% das respostas correctas.

8.2.2. Proba de Acceso a 6º curso de Grao Profesional

Para a superación dos contidos da materia de Historia da Música realizarase:

• **Exame teórico** no que o alumno debe demostrar coñecementos de carácter teórico en Historia da Música: períodos, xéneros, estilos, formas musicais, escolas e compositores abarcando un período do seguinte temario correspondente ao programa do 5º curso de Historia da Música:

- O Inicio e Desenvolvemento do Barroco
- O Barroco Tardío
- O Inicio e Desenvolvemento do Clasicismo
- Consolidación e Apoxeo do Clasicismo
- Beethoven: O Nacemento do Romanticismo
- O Romanticismo: 1ª Metade do S.XIX
- O Romanticismo; 2ª Metade do S.XIX
- A Música a finais do S.XIX
- A Modernidade: Novas Tendencias Comezos do S.XX
- Os Nacionalistas no S.XX. O Dodecafonismo
- A Música dende a Segunda Guerra Mundial ata a Actualidade

Obxectivos

- Demostrar a través do exame os coñecementos da música de diversas épocas, describindo os seus trazos máis importantes.
- Identificar as obras e estilos musicais de diferentes épocas.

Criterios de Avaliación

Para avaliar e coñecer o grao no que se alcanzaron os obxectivos propostos realizarase mediante proba escrita que constará de 5 preguntas do temario anteriormente citado e para o que disporá de 90 minutos.

Criterios de Cualificación

Para a superación dos contidos da materia de Historia da Música terá que ter máis dun 50% das respostas correctas.